



**Universidade
de Vigo**
Campus
de Ourense

Licenciatura en DEREITO

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

LICENCIATURA EN DEREITO

Estudar Dereito non significa que vaiamos ou queiramos ser avogados. Estudalo significa que nos imos dotar dunha das formacións máis completas e versátiles de cantas existen nestes momentos en todo o panorama universitario español.

O licenciado en Dereito pode escoller entre un amplísimo abano de posibilidades profesionais estreitamente ligadas ao dereito, ou non, pois ser titulado nesta disciplina sempre é, e sempre será, unha vantaxe moi grande fronte aos nosos competidores.

O noso propio enriquecemento persoal é saber como afrontar moitas das formulacións cotiás, o que nos permitirá encarar o futuro con seguridade xurídica nas nosas vidas, aínda cando non sexamos profesionais do dereito, grazas á nosa formación.

Esta formación permitiranos abrírnos paso no mercado laboral, integrarnos nun grupo ou nunha administración pública, ou, pola nosa conta, creando o noso propio futuro como profesionais liberais. Só con botar unha ollada ás nosas saídas profesionais, basta para saber que un licenciado en Dereito pode dedicarse a case todo na vida.

Cando despois de finalizar a túa formación sintas que tes un mínimo coñecemento xurídico, este coñecemento será proporcional á seguridade que sentirá a túa persoa, e cando os demais depositen en ti a súa confianza, para que con esa formación os axudes, sentirás como pasa a vida das persoas polas túas mans e como chegas a ser alguén útil e necesario nesta sociedade...

O 90 % do éxito baséase en insistir, de ti depende... podes ser o que ti queiras na vida...

ESTRUTURA

Estes estudos son de 1º e 2º ciclo, con tres cursos e dous cursos, respectivamente, polo que en total dura cinco anos.

Ten unha carga lectiva de 340 créditos.

Non se esixe realizar un proxecto de fin de carreira.

Non existen materias chave.

Non existen requisitos para pasar do 1º ao 2º ciclo da titulación.

MERCADO DE TRABALLO

ASESORÍA

Asesoramento na redacción e execución de leis.

Asesoría xurídica a empresas.

Asesoramento a persoas e a empresas para o cumprimento das normas.

Asesoramento laboral, comercial, fiscal e administrativo.

AVOGACÍA

Exercicio da profesión de avogado en todas as súas especialidades (civil, mercantil, laboral, penal, administrativa, fiscal e internacional).

CONSULTORÍA-AUDITORÍA

Auditoría de calidade.

Auditoría laboral.

Consultoría en materia laboral.

Redacción de documentos xurídicos.

ADMINISTRACIÓN

Administración pública.

Administración estatal: xudicatura, fiscalías, notarías e rexistros da propiedade e mercantil, inspector de finanzas do Estado, inspector de Facenda, inspector de traballo, letrado da Seguridade Social, técnico da Administración Central.

Administración autonómica.

Administración local: interventores e tesoureiros da administración local, letrados de administracións locais, secretarios de concellos e letrados de servizos de asistencia social.

Docencia pública e privada.

OUTROS

Procurador

Axente de cambio e bolsa.

Rexistrador da propiedade inmobiliaria.

Carreira diplomática.

ACCESO

A estes estudos pódese acceder desde:

Todas as opcións de COU.

Todas as opcións do bacharelato LOXSE.

Non existe límite de prazas.

PASARELAS

Desde o 1º ciclo desta titulación pódese acceder directamente a:
Licenciatura en Antropoloxía Social e Cultural.

Desde o 1º ciclo desta titulación pódese acceder, mediante complementos de formación, a:

Licenciatura en Ciencias Actuariais e Financeiras.

2º ciclo de Ciencias Políticas e da Administración.

Licenciatura en Investigación e Técnicas de Mercado.

PRIMEIRO CICLO

Primeiro Curso

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dereito romano 1	Troncal	6
Dereito romano 2	Obrigatoria	3
Introdución aos sistemas xurídicos comparados	Obrigatoria	6
Historia do dereito 1	Troncal	6
Historia do dereito 2	Obrigatoria	3
Dereito constitucional 1	Troncal	7
Teoría constitucional 1	Obrigatoria	5
Teoría do dereito	Troncal	5
Economía política e facenda pública	Troncal	6
Dereito parlamentario	Opcional	6
Dereito matrimonial, canónico e concordado*	Opcional	6
Penoloxía*	Opcional	6
Filosofía política*	Opcional	6
Libre configuración		7

* Opcionais xerais de 1º ciclo (escoller unha).

Segundo Curso

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dereito constitucional 2	Troncal	7
Dereito penal 1	Troncal	7
Dereito civil 1	Troncal	7
Dereito internacional público	Troncal	7
Teoría constitucional 2	Obrigatoria	5
Teoría penal 1	Obrigatoria	5
Teoría civil 1	Obrigatoria	5
Economía e facenda pública 2	Obrigatoria	6
Contabilidade	Obrigatoria	6
Libre configuración		7

Terceiro Curso

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dereito penal 2	Troncal	7
Dereito civil 2	Troncal	7
Dereito administrativo 1	Troncal	7
Dereito procesual 1	Troncal	5
Institucións de dereito comunitario	Troncal	7
Dereito comunitario	Obrigatoria	5
Teoría penal 2	Obrigatoria	5
Teoría civil 2	Obrigatoria	5
Teoría administrativa 1	Obrigatoria	5
Lingua moderna: inglés*	Obrigatoria/Opcional	6
Lingua moderna: francés*	Obrigatoria/Opcional	6
Libre configuración		7

* Para escoller unha

Teoría laboral	Obrigatoria	3
Ciencia penitenciaria*	Opcional	6
Teoría e historia dos dereitos humanos*	Opcional	6
Dereito civil de Galicia*	Opcional	6
Dereito urbanístico*	Opcional	6
Dereito estatutario*	Opcional	6
Libre configuración		5

Quinto Curso

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dereito civil 3	Troncal	7
Dereito financeiro e tributario 2	Troncal	8
Dereito internacional privado	Troncal	7
Dereito mercantil 2	Troncal	7
Dereito eclesiástico do Estado	Troncal	4
Dereito procesual 3	Troncal	6
Filosofía do dereito	Troncal	5
Prácticum 2	Troncal	7
Teoría civil 4	Obrigatoria	5
Teoría mercantil 2	Obrigatoria	4
Teoría do dereito eclesiástico do Estado	Obrigatoria	3
Ciencia penitenciaria*	Opcional	6
Teoría e historia dos dereitos humanos*	Opcional	6
Dereito civil de Galicia*	Opcional	6
Dereito urbanístico*	Opcional	6
Dereito estatutario*	Opcional	6
Libre configuración		8

* Optativas xerais de 2º ciclo (escoller unha)

Outórganse un máximo de 79 créditos obrigatorios, optativos e/ou de L.E., por:

Estudos realizados no marco de convenios internacionais subscritos pola universidade.

SEGUNDO CICLO

Cuarto Curso

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dereito administrativo 2	Troncal	7
Dereito financeiro e tributario 1	Troncal	8
Dereito mercantil 1	Troncal	7
Dereito do traballo	Troncal	7
Dereito procesual 2	Troncal	6
Prácticum 1	Troncal	7
Teoría administrativa 2	Obrigatoria	5
Teoría mercantil 1	Obrigatoria	5
Teoría civil 3	Obrigatoria	9

Ficha

Titulación	Licenciatura en Dereito
Centro	Facultade de Dereito de Ourense
Ensinanzas	Primeiro e Segundo Ciclo
Nº anos académicos	5
Curso de implantación	94/95
Data B.O.E.	12/07/94

Créditos totais

Troncais	Obrigatorios	Optativos	Libr. config.	Trab. Fin. Carr.	Totais
184	99	18	34	Non	340

Información

Facultade de Dereito
Campus de Ourense. As Lagoas
32004 Ourense
Tfno.: 988 368 700 Fax: 988 368 923
Correo electrónico: sdefdo@uvigo.es
www.dereito.uvigo.es

Servizo de Extensión Universitaria. Sección de información (SIOPE)

Edificio Miralles - Praza de Enric Miralles
Campus de Vigo
36310 Vigo (Pontevedra)
Tfno. 986 813 630/ 755 Fax. 986 813 639
Correo electrónico: siope@uvigo.es
www.uvigo.es